

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL PARA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL GALEGO, A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE APOIO AO LIBRO INFANTIL E XUVENIL EN GALICIA NO ANO 2025.

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que a Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a creación do Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego, a realización de actividades culturais de apoio ao libro infantil e xuvenil e continuar a colaboración coa Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (OEPLI)

Que neste marco, as actuacións que ten previstas realizar a asociación en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o ano 2025, teñen estes **tres eixes centrais**:

- 1) Continuación da colaboración, mediante o pagamento da cuota anual, coa Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (OEPLI) é a sección española do IBBY (International Board on Books for Young People) para visualización estatal e internacional dos/as autores/as e ilustradores galegos/as que traballan no eido da LIX.
- 2) Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego: darlle continuidade e aproveitamento ao labor realizado pola asociación e enfocado á creación dun centro de documentación e difusión da LIX galega

2.1. Centro de documentación e difusión:

.Informe/ memoria anual de publicacións de LIX: recollida de datos de interese sobre os libros de LIX publicados ao longo de ano 2024.

.Catálogo de tradución de LIX: complemento do traballo de difusión das publicacións de LIX feito por parte de GÁLIX co catálogo Galician Book for Children & Young Adults 2025.

.Fondo GÁLIX na Biblioteca de Galicia: xestión dos fondos da produción de LIX en galego



. O Blog de Gáliz: creación dun instrumento de difusión dixital do centro de documentación

3) Realización de actividades de difusión da literatura infantil e xuvenil durante o ano 2025, a nivel internacional, estatal e autonómico

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra do escritor.

Polo que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

